# Revista Escolar

Nº 8 (2ª época)
ANO 2015

# CHORIMA





CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA
AS PONTES

## Índice de contidos


Editorial 1

Visita á panadaría. ***Ed. Infantil*** 2

Pequenos investigadores. **1º *Ed. Primaria*** 4

O noso maio. **2º *Ed. Primaria*** 5

Imos de ruta!. **3º *Ed. Primaria*** 6

Radio escolar. **4º *Ed. Primaria*** 7

Eu son Rosalía!. ***5º Ed. Primaria*** 8

***Aspanaes*** 9

Biblioteca. ***6º Ed. Primaria*** 10

Dep. de Orientación 12

Good luck Laura!.***Inglés*** 14

Letras Galegas 2015. As fermosas palabras galegas 16

Outro ano máis polas terras de Trives 18

ANPA 19

Guía de lecturas verán 2015 20

Momentos especiais 22



**CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA**

**Teléfono e fax: 981450721**

**E-mail: ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.es**

**Páxina web:**
**http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariaaspontes**


*Exemplar gratuíto*

# EDITORIAL

Cada vez estamos máis convencidos de que o éxito dun colexio radica nas boas relacións entre todos os membros dos diferentes sectores da comunidade educativa: nais, pais, docentes, persoal de servizos e alumnado.

Por iso, neste momento de cambio ante a nova lei de educación LOMCE necesitamos, máis que nunca, a comunicación continua, a sensibilidade, a colaboración, a complicidade, o traballo conxunto, a serenidade, a empatía e o diálogo que nos van enriquecer a todos e facilitaranos que poidamos levar a cabo a nosa tarefa de educar e formar.

Tarefa que rematamos co alumnado de 6º de educación primaria, pois parten para unha nova viaxe á educación secundaria. Vaia por diante o meu cariño e ánimo para que se enfrenten con dedicación a esa nova fase da súa formación e que non esquezan o Santa María, onde a maioría estiveron durante nove cursos.

Despedimos, tamén con moito agarimo, a Blanca Romero Cobos, mestra de Relixión neste centro durante seis cursos e a María Bellas Castro, persoal non docente durante moitos anos. Rematan a súa vida profesional en activo para empezar a desfrutar dunha merecida xubilación. Desde aquí desexámoslles o mellor.

Espero que vos guste a todos este novo número de CHORIMA, aproveitando cada momento do verán ao máximo porque a volta ao cole non está tan lonxe como parece.

Un saúdo e felices vacacións.

Esperanza

# VISITA Á PANADARÍA

Na panadaría fixemos pan de diferentes formas.



Vimos varios tipos de fariñas e fermentos





para renatar elaboramos polvoróns doce típico Das Pontes.



Moitas Grazas a Hnos Díaz

Educación Infantil

# Pequenos investigadores

Cantos olores descubrimos coas herbas aromáticas e que ben observamos as partes das flores coa lupa binocular.









Este sinxelo teléfono serviunos para experimentar a transmisión do son.



Fixemos este experimento para entender mellor o proceso de absorción nas plantas.








Empregamos colorantes alimentarios. Mesturámolos con auga e botámolos en vasiños de plástico.

Metemos neles caraveis brancos.







As flores tinxíronse de cores a medida que foron absorbendo a auga.

Animádesvos a experimentar coma nós?

1º de Primaria

# O NOSO MAIO

As festas dos Maios anuncian a chegada da primavera e o remate do inverno.

Para recordalas, preparamos o noso maio.





Fixemos moitas flores para adornar os sombreiros.



Moi satisfeitos polo traballo feito!



Presentámolo no festival das Letras Galegas.



Igual ca poetas, poesías dos maios recitamos.



Ao redor do maio unha cantiga cantamos.

2.º Primaria

# IMOS DE RUTA!

Aos nenos de 3.º gústanos moito aprender cousas sobre o noso pasado. Por iso fomos facer un roteiro pola parte máis antiga da nosa localidade.



Antigo cemiterio



Muiño de Alende

Desprazámonos con todos os compañeiros de primaria a visitar unha antiga escola indiana e vimos moitas pegadas dos nosos antepasados.





A vida no pasado



A Liga Santaballesa



# RADIO ESCOLAR

Neste ano 2015, para conmemorar o DÍA MUNDIAL DA RADIO, a UNESCO propuxo como lema "A xuventude e a radio". Os alumnos de 4.º sumámonos a esta conmemoración cun pequeno traballo sobre o ENTROIDO.



Investigamos esta festa e os lugares onde se celebran os máis famosos.





Lemos cantigas, coplas e refráns desta época.





E rematamos explicando receitas típicas de cociña.

Con este lema e coincidindo coa data do seu nacemento celebramos no noso colexio o día adicado a Rosalía de Castro. Fixérense no centro distintos tipos de actividades; aprendimos cousas da súa vida e obra, limos e recitamos os seus poemas.



- 24 de febreiro 1837-
- 15 de xullo 1885
- Santiago de Compostela-
- Padrón

Sentímonos moi orgullosos porque foi unha muller valente que lle deu ao galego o prestixio que daquela non tiña.




## BIOGRAFÍA:

Non se sabe moito da súa educación pero si que lle gustaba escribir en verso. Casou e dedicouse á súa familia e ao seu fogar. Marchou a Madrid e alí foi cando o seu marido a convenceu de publicar as súas obras. Morreu xove. Anque escribiu moito en prosa; onde Rosalía sobresaíu foi no campo da poesía, a través da creación das que poden ser consideradas as súas tres obras clave: Cantares Galegos, Follas Novas e En las orillas del Sar.




EU SON ROSALÍA!



## "O día da Paz"

Fixemos muiños de vento, cantamos "Paz, Paz, Paz" e unha poesía.




## O Entroido.

Disfrazámonos de Minions. Participamos no desfile cas nosas mascotas Nicolín e Marisol.

## <<Todos iguais - todos diferentes>>.

Vimos o vídeo no que participamos nenos e nenas dos coles de As Pontes.



Aspanaes